



ACTA Nº 2023/12

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, luns 7 de agosto de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA

MARGARITA LAMELA LOUZÁN

CONCELLEIROS/AS

RUBÉN VILLAR AGULLEIRO

EMILIA MARÍA TRILLO LOJO

SERGIO ROMERO CONDE

MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO

BELÉN FERNÁNDEZ CONDE

ALFONSO CANOSA BLANCO

JESÚS ÁNGEL PICALLO SANTOS

AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO

MARÍA VICTORIA AREAS POSE

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

MONSERRAT CANOSA VIGO

MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

SECRETARIA

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTORA ACUMULADA

NON ASISTE

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 14 de xullo de 2023.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as presentes nese momento na sesión plenaria (todos/as agás D^a María Victoria Areas Pose que entra no salón de Plenos ás 20:02 minutos)

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA



2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial suplemento de crédito Nº 3/2023. Expediente Nº 2023/T002/000020.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día mércores 2 de agosto de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial suplemento de crédito Nº 3/2023. Expediente Nº 2023/T002/000020.

Considerando a seguinte:

“**PROPOSTA ALCALDÍA**

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL SUPLEMENTO CRÉDITO Nº 3/2023

EXPEDIENTE Nº 2023/T002/000020

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2022, da Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades e xustificando o expediente na necesidade de licitar e executar parte da obra de renovación da praza de abastos do Concello de Cee e o seu entorno, tal e como se exige nas bases da subvención outorgada dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, xa que o orzamento do exercicio 2020 prorrogado para 2023 non contén créditos dispoñibles suficientes na vinculación xurídica para facer fronte a aportación municipal destes gastos sen comprometer os gastos ordinarios do Concello na súa normal execución.

Asemade, o devandito gasto non pode demorarse a exercicios posteriores, xa que ten a súa xustificación en se trata de gastos cuxa execución debe iniciarse improrrogablemente no presente exercicio para poder utilizar o remanente de tesourería único axente financiador adecuado para financeiro por parte do Concello así como unha subvención prevista dos Fondos NextGenerationEU (consta no expediente concesión provisional por importe de 1.057.979,36 €, sendo o importe total do proxecto de 1.322.474,19 €). Así estes condicionantes fan imprescindible a súa realización no exercicio corrente.

Visto o informe emitido pola Sra Interventora Municipal en data 31 de xullo de 2023, en sentido favorable con salvedades.

A vista do exposto, **PROPOÑO** ao **PLENO** da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 1/2023, Expediente Nº 2023/T002/000020 conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

SEGUNDO.- Consecuencia de dito Suplemento de Crédito se incrementarían as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
151/61921	264.494,83 €	Plan de obras municipais
TOTAL	264.494,83 €	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



TERCEIRO.-Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

CUARTO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: a proposta é para aprobación do SC por 264.494,83 euros, en relación a unha subvención que foi concedida para o mercado municipal, a subvención concedida foi por 1.057.979,36 euros e soamente destacar varias cuestións, a primeira que foron solicitadas 210 e concedidas 50, na Coruña, 4 concellos, concretamente, Cee, Narón Betanzos e Santiago en Pontevedra a 3, Vilanova de Arousa, A Guarda e Tui concretamente en Galicia soamente foron 7 unha delas a do concello de Cee, algunha intervención?

-----INCIDENCIA-----

SENDO ÁS 20:02 MINUTOS FAI ENTRADA NO SALÓN DE PLENOS D^a MARÍA VICTORIA AREAS POSE.

Sr Picallo: boas tardes, sobre este punto solo bueno facer un análise, este proxecto do mercado que presenta foi traballado antes da pandemia, esta consultora ca cal eu tamén estiven sentado no seu momento, despois da pandemia os hábitos de compra, consumo cambiaron, está ben que se faga esa inversión un diñeiro que ven de fora non hai que perdelo pero deberíase facer un estudo de viabilidade que agora hai que implantar en este tipo de mercado, centro comercial, se falaba un pequeno mercado San Miguel porque non hai publico suficiente para que funcione esto entendemos que mercado e centro comercial deben ir xuntos da man para que sexa un pobo que xere mais tráfico e operadores se podan poñer dentro porque gastamos un millón trescentos pero si non hai operadores dentro temos un problema, incidiremos para axudar no tema de que tipo de mercado novo con novos ámbitos de consumo tipo brunch que se pode instalar, artesanías que nestes momentos non pode, floristerías, esas prazas de garaxe pechadas si hai forma de alquilalas sería outra fonte de ingreso que dinamice iso nos parece ben que se faga mini centro de interpretación do camiño de Santiago e Muxia para evitar o bypass de Dumbría que está perxudicando este camiño que de cada 100, 40 van por un camiño non oficial e non lexislado, todas esas cousas nos parece ben que se fagan pero debido os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



cambios e hábitos de consumo que mudaron dende antes da pandemia a agora deberíase invertir tamén nun estudo de viabilidade sobre que tipo de negocios, hoxe están de moda os brunch o mediodía nos mercados municipais pois un pouco ir por aí, moitas gracias.

Sr Domínguez Louro: nos paramenizamos de que esta subvención chegue e sexa concedida como Vde acaba de describir, imos facer unha pequena cronoloxía dos feitos do que levamos falado neste pleno sobre o mercado municipal e a necesidade da súa revitalización, en marzo de 2017 o BNG trouxo unha moción a este Pleno, co anterior goberno antes que Vde presidira e foi aprobada entre outras cousas pedíam a modificación dos usos, cumprir a normativa de zona azul para facilitar o aparcamento, estudar e abrir abaixo unha nova cafetería, en marzo 2020 presentamos a Vde unha proposta similar a modo escrito como ben sabe quen nos escoita dende que Vde está non se permite presentar mocións como se presentaban antes, polo tanto fixémoslo vía escrito, logo en marzo do 2021 na entrevista coa empresa encargada de facer o estudo, na que entendo se vai basear o novo mercado as reformas, trasladamos as nosas propostas que falabamos tamén de por as prazas do soto o servizo da clientela, dinamización social e cultural e promoción do produto local, km cero para por en valor e ter un valor engadido no mercado municipal, o 28 setembro de 2022 nunha entrevista súa na voz de Galicia dicía que quería revitalizar o mercado e tiña solicitado dúas subvencións, unha que debe ser esta, entraba no plan resiliencia por valor de 564000 euros para a dixitalización do mercado, a creación de postos degustación, creación zona central e actuación en cubertas e paredes e outra que debería ser mais ou menos inda que non poñía cifra a dirección xeral de comercio para fachada exterior, entendemos que non chegou, polo tanto o que se vai facer é aumentar a primeira, étranos a pequena dubida si ese medio millón que se vai incrementar sería bo empregalo noutras necesidades do concello pero en calquera caso non vamos a opoñernos, en calquera caso fincapé en que non vai ser suficiente, cremos, para revitalizar mercado e que haxa mais clientela nel e polo tanto mais postos no mercado, porque non tamén non vai ser suficiente coa rehabilitación do edificio, hai que poñerse en marcha, cremos ademais que levamos tempo atrasado en facer ese cambio de uso dos locais e facilitar aparcamentos para clientes hoxe é necesario e así o demostran as grandes superficies que canto mas aparcamento mais vendes, mais atractivo o propio negocio, cremos tamén é necesario para incentivar o uso propio do mercado que a xente saiba que temos un mercado que da un produto de calidade que valga pena baixar a compralo, facelo atractivo tamén para negocios de hostalería que traballan nos meses estivais cando mais movemento teñen, e algo que nos parece interesante, creo que nalgunha ocasión teño falado, tratar de que a xente baixe a Cee, xa dende fai anos temos un problema en canto a que a xente xa non baixa a Cee como antes, a xente dos concellos limítrofes que sabe que Cee é punto neuráxico, xente de Fisterra, Dumbría e do propio concello non baixa porque as areas comerciais están nas aforas de Cee e no propio polígono empresarial, entón inda sabendo a dificultade de atraer a xente abaixo é necesario intentalo, datas recentes sabíamos que outro mercado que está aquí vai para o polígono, decisión empresarial, están a súa liberdade pero non é positivo eso para o propio mercado e revitalización do mercado, co cal cremos que hai que poñerse mans a obra, para dende xa e levamos tempo perdido por o mercado en valor e darlle ese impulso que é necesario ademais das obras de rehabilitación e revitalización que son evidentemente necesarias entre elas as enerxías renovables que son imprescindibles polo tanto o noso voto vai ser a favor alegrámonos dese impulso pero é necesario dar outro paso mais adiante.

Sra Iglesias: IX Cee estamos de acordo coa obra que plantexa o goberno pero dado que non é necesario o noso voto para que se aprobe a obra e tendo en conta que o informe de intervención ten salvedades pois o noso voto vai ser abstención.

Sra alcaldesa: en contestación para todos, vamos a ver, conseguir unha subvención deste tipo implica ter un bo proxecto, de 210 solicitudes solo concederon 50, e delas como dixen anteriormente 7 en Galicia, un proxecto que non soamente se limita a obras, porque hai que acadar unha serie de puntos e implican dixitalización, sostenibilidade, economía circular e formación, non so son obras e polo tanto supón a creación dunha plataforma web up que dará



visibilidade a venta multicanle con actividades de formación, a creación de contidos dixitais, escaparate virtual, red wifi na area comercial, control de turnos dixital no mercado municipal entre outros, instalación de taquillas refrixeradas a disposición do comercio local de carros de compra a realización de talleres de formación para o comercio local para impulsar a dixitalización e mellorar a súa rentabilidade, é certo que fixemos un primeiro estudo de viabilidade pero posteriormente foi perfeccionado, houbo unha primeira convocatoria onde solicitamos os case 600000 euros os que se refería o Sr Domínguez pero posteriormente fixemos esta solicitude que abrangue case 1.323.000 é un proxecto mais ambicioso onde o seu contido é bastante mellor que aquel estudo de viabilidade que fixemos en un primeiro momento que posteriormente foi mellorado, é moi boa nova para Cee conseguir estes cartos, que vai ser un impulso importante, quero xa dicir que xa me chamaron persoas interesadas tanto en coller o posto de gastronomía como instalación de novos postos de mercado, creo que importantísimo o impulso non so do mercado municipal senón para todo o seu entorno e dado a boa acollida que ten en si o proxecto dos veciños e veciñas de Cee, de toda a comarca, dadas as chamadas que teño creo que é moi boa nova para Cee e quero sulñar unha cousa, non é doado conseguir este tipo de subvención e detrás desto hai moito, moito, moito traballo, un traballo incalculable.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 1 abstención do grupo Mixto e 12 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE

- 3. Proposta da alcaldía relativa determinación de datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de cee para o vindeiro ano 2024. EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000215.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade o día mércores 2 de agosto de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa determinación de datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de cee para o vindeiro ano 2024. EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000215.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DETERMINACIÓN DE DATAS CONCRETAS DOS DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER RETRIBUÍDO E NON RECUPERABLE NO TÉRMINO MUNICIPAL DE CEE PARA O VINDEIRO ANO 2024.

EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000215.

Margarita Lamela Louzán, Alcaldesa do Concello de Cee, visto o escrito remitido pola Consellería de Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial), no que indica:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



*"(...) Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2024, que deberá remitir a este departamento territorial antes do **día 1 de setembro de 2023**.(...)*

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.-Establecer como dous días de Festa de Carácter retribuído e non recuperable neste Concello para o vindeiro ano 2024, os que se detallan:

24 DE XUÑO DE 2024 16 AGOSTO DE 2024

SEGUNDO.-Remitir o acordo ao organismo remitente os efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político PP e 6 votos a favor dos grupos políticos PSOE e BNG.
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: conforme consta na proposta sería o 24 de xuño e o 16 de agosto o motivo do 24 xuño é porque o 16 de xuño San Adrán cada Domingo.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade.

Ás 20:15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.